



grellos espesan sangue



Samuel L. París / Os Novos  
grelos espesan sangue  
<http://pararaparis.wordpress.com>

grellos espesan sangue



houbo quen comeu moitos grelos  
e agora ten que tomar sintrón

e ir cazar elefantes

enchenta / turboenchenta / grelos on parade  
parada cardíaca / grelos coágulo brutal / aorta pimpampum  
veas para que vos quero / veas atascadas na tasca

a mi te me gusta más el de repollo

ai si?

pues si

pois cómeme a (re)polla

[o mundo comeza a dar medo]

Se mantés a túa boca soterrada será  
demasiado t'arde para o xeo  
que nos devora e queima as raíces con dentes  
de granito ana rosa porriño exercendo  
a brutalidade da súa amnesia  
contra (nós) os devanceiros  
que o foron

pola grelina:

substancia

descuberta en 2005 na Universidade de Masachusets.

E por iso ti e eu somos estes ollos  
e non outros por iso ~~baras-ponoparte-de-pemán~~  
por esta éter-odoxia estranxeira que nos aperta  
forte as nubes dos dedos e nos alonxa cada día máis das

REVOLUCIÓNs

por minuto

ás que crece a herba e da intersección repolo tanxente  
grelos perpendiculares  
a nós, a xeración de  
~~se-non-che-sabe-o-que-hai-frioche-un-bisté~~

Queremoserosomalosdapelícula

e imos a (re)po(los)r

Vós.

navegar na universidade malacara  
navegar as follas do grelo  
non chas quero non chas quero  
non chas / fago chas / fago / cito che che che o grelo / checheche  
fun polo grelo vin repolo vento  
ti xa aparcabas o teu ford mondeo grelo autostop

ALTO

STOP

PUTICLUB ESPONXIFORME

listen baby diésel turbodiésel o cancro medrounos detrás da orella  
a cachucha éche unha perdición

somos as rañas discontinuas da nacional

fitamos a semente e creamos o grelo rei

golpeadas e adestradas para unha submisión teño cinco convidados  
vén miña cuñada cos nenos  
caldeiro full of strangers' sadness

grelos are strange when you are on your car  
life looks ugly when your are on the road

we can't see your soul  
we can't see the leaves  
we are the leaves  
we are the soul



tán-tan-tata-chán

repeniquea o solpor da mañán  
o chorar  
a grelina filtrase no ril a grelina fíltrase a grelina ri  
no teu bico

nun exército de señoras que venden mel e roda e

vés, preto, cun tubérculo aberto  
pola pelve  
de diante  
e a pelve  
de atrás  
non queres pepperoni porque é unha bosta  
e,  
facer ou non

mais falamos

e ti dicíame, por que non me das un pouco?

E eu só teño un cuarto.

E de hora. *Órale.*

executar a grelina / protector  
executar a infección / protector  
executar señoras-mel / véxome reflectido no vidro da furgoneta  
executar pizza-grelina / e quen son?

freada en seco / deter a diarrea-grelo en seco  
inxectar grelina-gasoil / soñaches co priest  
o golpe e a raposa / queixos de once varas  
unha rave greliforme / aténtame un cancro pequeno nas tetas

executar espantallo & out of my way  
executar ovos chocos & strong-wrong-song  
execútame oxítono & putón  
execútame amorfo & falling-singing-síndrome useless

es ti a miña puta  
ou conto até vinte?

/

la pizza  
mejor sin olivas

[somos felices sendo tristes]

## Os grelos de Slavoj Zizek

Os grelos?

Os grelos entraron en guerra de vez

os grelos non len o Sermos Galiza

os grelos non ven Irmandade Tv

aínda non se fixeron películas a cerca dos grelos na guerra civil

os grelos e os marcos nas paredes dos dentistas polifónicos

os grelos non son existencialistas

os grelos van á Panorama

os grelos aman a Sito Sedes diolopaghe

os grelos descubriron o silencio no embigo do lacón

existen probas obxectivas de que ao mellor os grelos poderían ser de Resistencia Galega

se eu berro gora grelos podenme aplicar a lei antiterrorista?

os grelos non teñen unha conciencia irreversible

os grelos nunca se van namorar das maiúsculas

os grelos tecen amenceres de navizas

os grelos non terán que devolver o tax lease

os grelos non saben que carallo é o tax lease

ninguén sabe o que é o fodido tax lease

general, no siento los grelos

os grelos teñen amnesia da súa propia semente

os grelos para quen os traballa

grelos táctiles que se poden mergullar na auga

os grelos non saben da túa existencia nin de como esvaro no teu corpo e iso dóeme

os grelos ignoran o paso do tempo

os grelos nunca ocuparán unha cadeira na RAG pero deberían

a mandíbula dos grelos é o tacto dunha tarde ó sol

os grelos non saben inglés e son felices, APRENDAMOS

os grelos nunca van espertar do seu propio soño

eu soño unha patria de grelos

eu ámote coma os meus abuelos cando se miran mentres apañan os grelos

os grelos non se depilan con cera porque tira moito dos pelos

os grelos un radiocasete onde sempre sonan as derrotas de sempre

a mi los grelos me dan igual mientras no vengan a robar

hai grelos exiliados en hortas urbanas para que nos poidamos crer que somos felices

soñan os grelos con touciños metálicos?

Os grelos non saben se os sementan ou os apañan

os grelos non saben que idioma falan os percebes

hai grelos que se manifestan para ter unha cidade da agricultura

be grelos ce ce ce nuevecerosveinteveintiunoveintidós

os grelos estudan FP

os grelos rexeitan o ensino burgués

por uns grelos democráticos

os grelos dormen en tellados de chourizo criollo

grelos kill veganos introducindo no seu organismo por medio de listas abertas

grelos en assemblei(r)a

grelos que non saben que hai máis alá

grelos que ignoran a finca dos veciños

grelos que nunca xirarán sobre o seu propio punto de gravidade

grelos que teñen a visión inminente de saber que todo aquilo que pretendan se vai esvaír

grelos que nunca viron o antídoto nos teus ollos, e iso dóeme.

disípase o imaxinario propio dos propios grelos inertes  
disípase

    digo

e o seu laudo arrepía os lavacús donos dos látegos-eroski de presadas esquivas

grelo Vs. amnesia bilbo

>

carallazo

grelo Vs. naybet

>

cimitarrazo

grelo Vs. lie lie lie

>

cumshot dans la corredoira do lado

grelo Vs. apósito/compresa

>

moquetada oldschooler

grelo Vs. lavacús

>

treseuroloquilo

[where you have been my love?]

[...]

[where?]

[N 550]

volvestes  
grelos, [ondas do mar]  
barquiños voando  
cantando baixo o palio  
se grelos, vistes  
volvestes de palla meu amigo  
voando cristais baixo o palco  
e o *sexo escribese*  
e [ondas do mar] muros de sal  
i  
diferido non embutido como esperando o agora  
e párome onde se fode co(n [ondas do) mar]

*é certo*  
*onde morreu a selección natural do abecedario?*

*enchufa-o-cargador-unha-dúas-e-a-terceira-ves-remata-con-todo*

*en certo modo non estamos nun casino*  
*en certo modo non só somos grelos*  
*[ondas do mar]*

## 1/O EXEMPLO

non quería romperlle o corazón ao grelo, amigo grelo  
non quería dicirlle ningunha barbaridade (así sen máis)

## 2/SEMENTAR RUMBA

voa a grelina polos despachos do CAPITAL  
y los de la boina/biona lo bailan

## 3/OS TERMOS ABSOLUTOS SON PARCIAIS

o cancro medrounos detrás da orella  
[dear repolo, shake me again]

mantémonos en débeda

reparar os almacéns de señoras  
[meu señor]

que parecen che aparecer alugando o seu  
lenguado  
[meu señor]

subías calada facendo despegar  
un corvo que dicía:

se/se/se me dieron mal este año plantar  
nabos

meu señor, eu dicía:

/se/se/se te ve  
non tes agora que ir indo?

GRELANDIA: ZOA reservada a toda a tinta do boli:

“houbo quen comeu moitos grelos/ e agora ten que tomar  
sintron/ e ir cazar elefantes”  
na tinta do boli

tes agora que ir indo  
tes agora 12h menos tes  
agora aos grelos como sector tes agora  
diversión por riba dos ósos tes agora que  
ir indo

ostia, ti dis  
con forma de aparato excretor (ERREI) todo  
o discurso dos meus anos non  
dis ti/ discurso/ dis

ti falas  
ostia, ti dis:

xardín e mulleres nos telexornais

alimentando corvos.

CORVOS e cadáveres GRELOS e cadáveres CADAVERES e cadáveres  
CORVOS e GRELOS e CADÁVERES e cadáveres

AQUÍ e ali

os grelos espesáronnos o siso  
os grelos espantaron os malos agoiros (u-los?)  
os grelos mantivéronnos ácidos e malencarados (universidade malacara)

*and they think that they have got the battle won  
i say forgive them ~~lord~~, they know not what they've done*

nós escoitabamos os grelos berrar ao pé da estrada  
e nunca tapamos os oídos